



A TERRA É O TERCEIRO PLANETA DO SISTEMA SOLAR




A TERRA É CHAMADA TAMÉN O **PLANETA AZUL**:

70% DE MAR E 30% DE TERRA



A SÚA SUPERFICIE É DE 510.100.000 Km²

É UN **XEOIDE**, CORPO CASE ESFÉRICO AÍNDA QUE
LIXEIRAMENTE ACHATADO, NO CASO DA TERRA, POLOS
POLOS





A CIRCUNFERENCIA DA TERRA NO ECUADOR É DE 40.070 Km, PERO NOS POLOS É DE 40.003 Km, O CAL DEMOSTRA A SÚA FORMA DE XEOIDE


PARA LOCALIZAR UN PUNTO SOBRE A SUPERFICIE TERRESTRE
OS XEÓGRAFOS DESENVOLVERON UNHAS LIÑAS IMAXINARIAS:

OS PARALELOS

OS MERIDIANOS


PARALELOS

CÍRCULOS PERPENDICULARES Ó EIXO DA TERRA




O PARALELO FUNDAMENTAL, O PARALELO 0°, É O **ECUADOR**


QUE DIVIDE A TERRA EM DOUS HEMISFERIOS: NORTE



E HEMISFERIO SUR




HEMISFERIO SUR



OUTROS PARALELOS IMPORTANTES SON:

TRÓPICO DE CÁNCER:	23° 27 LATITUDE NORTE
TRÓPICO DE CAPRICORNIO:	23° 27 LAT. SUR
CÍRCULO POLAR ÁRTICO:	66° 33 LAT. N
CÍRCULO POLAR ANTÁRTICO:	66° 33 LAT. S




COS PARALELOS, PODEMOS ATOPAR A **LATITUDE**:

DISTANCIA ANGULAR, MEDIDA EN $^{\circ}$, ENTRE CALQUERA PUNTO DA SUPERFICIE TERRESTRE Ó ECUADOR. PODE SER:

- LATITUDE NORTE: DE 0° (ECUADOR) a 90° (POLO NORTE)
- LATITUDE SUR: DE 0° (ECUADOR) a 90° (POLO SUR)

Political Map of the World, June 2003



MERIDIANOS

CÍRCULOS MÁXIMOS QUE VAN DE POLO A POLO.


O MERIDIANO PRINCIPAL OU MERIDIANO CERO É O QUE PASA POR **GREENWICH**, LOCALIDADE PRETO DE LONDRES.



M
E
R
I
D
I
A
N
O
D
E



G
R
E
E
N
W
I
C
H



Línea-ecuatorial

Meridiano de Greenwich

A PARTIR DO MERIDIANO DE GREENWICH, PODEMOS ACHAR A

LONXITUDE

DISTANCIA ANGULAR, MEDIDA EN °, ENTRE UN PUNTO CALQUERA DA SUPERFICIE TERRESTRE E O MERIDIANO DE GREENWICH. PODE SER:

- LONXITUDE OESTE: DE 0° A 180° OESTE.
- LONXITUDE LESTE: DE 0° A 180° LESTE.



A TERRA, COMO CALQUERA CORPO CELESTE, NON SE ATOPA EN REPOU –
SO, SENÓN QUE SE MOVE CONSTANTEMENTE.

POSÚE DOUS MOVEMENTOS PRINCIPAIS:

A ROTACIÓN


A TRANSLACIÓN

ROTACIÓN:

XIRO COMPLETO DA TERRA ARREDOR DO SEU EIXO, DE OESTE A LESTE, CADA 23 HORAS E 58 MINUTOS (DÍA SIDERIO).

ESTE MOVEMENTO ORIXINA A ALTERNANCIA DOS DÍAS E DAS NOITES NUN PUNTO DETERMINADO.

NO ECUADOR A SUCESIÓN DÍA/NOITE PRODÚCESE CADA 12 HORAS
NOS POLOS PRODÚCESE CADA 6 MESES.




TRANSLACIÓN

MOVEMENTO QUE FAI A TERRA ARREDOR DO SOL, DEBIDO Á ACCIÓN DA GRAVIDADE. O MOVEMENTO QUE DESCRIBE É UNHA TRAXECTORIA ELÍPTICA DE 930 MILLÓNS DE Km, A UNHA DISTANCIA MEDIA DE 150 MILLÓNS DE Km DO SOL.

ESTA TRAXECTORIA OU ÓRBITA ELÍPTICA FOI DENOMINADA POLOS GREGOS DO S.V COMO **ECLÍPTICA**, POR SER O CAMIÑO NECESARIO PARA A FORMACIÓN DOS ECLIPSES.

ESTE MOVEMENTO TEN UNHA DURACIÓN DE 365 DÍAS, 6 HORAS E 9 MINUTOS E ORIXINA A SUCESIÓN DAS ESTACIÓNS, POIS A POSICIÓN DO NOSO PLANETA RESPECTO Á RADIACIÓN SOLAR É DIFERENTE EN CADA ÉPOCA DO ANO.

UN ANO É BISIESTO SE DURA 366 DÍAS EN LUGAR DOS 365 DUN ANO COMÚN. ESE DÍA ADICIONAL É O 29 DE FEBREIRO. ENGÁDESE PARA CORREXIR O DESFASE QUE EXISTE COA DURACIÓN REAL DOS ANOS: 365 DÍAS E 6 HORAS. ISTO FAI QUE SE CORRIXA CADA 4 ANOS (OS ANOS MÚLTIPLOS DE 4) QUE ACUMULAN 24 HORAS.




CANDO SE FALA DE **EQUINOCCIOS** (PRIMAVERA E OUTONO) SIGNIFICA QUE A DURACIÓN DO DÍA E DA NOITE É BASTANTE SEMELLANTE. NO **SOLSTICIO DE VERÁN**, O DÍA É MÁIS LONGO QUE A NOITE E NO **SOLSTICIO DE INVERNO**, OCORRE O CONTRARIO: FAISE ENSEGUIDA DE NOITE E O DÍA É MOI CURTO.

LEMBRADE QUE OS ANTERIORES CONCEPTOS HAI QUE RELACIONALOS COA ZONA TEMPERADA XA QUE NA PARTE DO GLOBO TERRÁQUEO COMPRENDIDA ENTRE OS TRÓPICOS E O ECUADOR, AS TEMPERATURAS SON SEMPRE ALTAS. POLA CONTRA, ENTRE OS CÍRCULOS POLARES E OS POLOS, AS TEMPERATURAS SON MOI BAIXAS XA QUE O INVERNO É CONTINUO.


EQUINOCIO DE PRIMAVERA: 21 MARZO

- OS DOUS HEMISFERIOS ESTÁN IGUALMENTE ILUMINADOS.
- COMEZA A PRIMAVERA NO HEMISFERIO NORTE E O OUTONO NO HEMISFERIO SUR.
- NO POLO NORTE PÁSASE DUNHA NOITE DE SEIS MESES A UN DÍA DE SEIS MESES.
- NO POLO SUR PÁSASE DUN DÍA DE SEIS MESES A UNHA NOITE DE SEIS MESES.
- CO PASO DOS DÍAS, “O SOL IRÁ AVANZANDO CARA O NORTE”, CARA O TRÓPICO DE CÁNCER E POLO TANTO, IRÁ CALDEANDO E ILUMINANDO MÁIS ZONAS DO HEMISFERIO NORTE (NO QUE FARÁ MÁIS CALOR E O DÍA DURARÁ MÁIS).
- EN TODOS OS LUGARES DA TERRA O DÍA/NOITE, TEÑEN A MESMA DURACIÓN.
- OS RAIOS DO SOL SON, A MEDIODÍA, PERPENDICULARES Ó ECUADOR.



SOLSTICIO DE VERÁN: 21 – 22 DE XUÑO

- OS RAIOS DO SOL (QUE FOI “SUBINDO” CARA O NORTE), SON ESE DÍA PERPENDICULARES Ó TRÓPICO DE CÁNCER.
- COMEZA O VERÁN NO HEMISFERIO NORTE E O INVERNO NO HEMISFERIO SUR (ONDE O POLO NON ESTÁ ILUMINADO).
- O DÍA DURA 24 HORAS NO CÍRCULO POLAR ÁRTICO POLO QUE É O DÍA MÁIS LONGO DO ANO NO HEMISFERIO NORTE, E O MÁIS CURTO NO HEMISFERIO SUR.
- A PARTIR DESTE MOMENTO O SOL COMEZA A “DESCENDER” DE NOVO CARA O ECUADOR.




EQUINOCIO DE OUTONO: 23 DE SETEMBRO.

- O SOL ESTÁ DE NOVO PERPENDICULAR Ó ECUADOR.
- EN TODOS OS LUGARES DA TERRA O DÍA/NOITE TEÑEN A MESMA DURACIÓN.
- COMEZA O OUTONO NO HEMISFERIO NORTE E A PRIMAVERA NO HEMISFERIO SUR.
- NO POLO NORTE, PÁSASE DUN DÍA DE 6 MESES DE DURACIÓN A UNHA NOITE DE 6 MESES, E Ó REVÉS NO POLO SUR.
- NO HEMISFERIO NORTE COMEZA A FACER MENOS CALOR E OS DÍAS ACÚRTANSE POR ALONXARSE O SOL DALÍ.
- POLA CONTRA, O SOL INICIA O SEU “CAMIÑO” CARA O SUR, ILUMINANDO ESTE HEMISFERIO MÁIS INTENSAMENTE E DURANTE MAIOR TEMPO.

SOLSTICIO DE INVERNO: 21 – 22 DE DECEMBRO.

- É O DÍA MÁIS CURTO DO ANO NO HEMISFERIO NORTE.
- OS RAIOS DO SOL, QUE FORON “DESCENDENDO” CARA O SUR DURANTE TRES MESES, SON AGORA PERPENDICULARES A MEDIODÍA Ó TRÓPICO DE CAPRICORNIO.
- COMEZA O INVERNO NO HEMISFERIO NORTE E O VERÁN NO HEMISFERIO SUR.
- O DÍA DURA 24 HORAS NO CÍRCULO POLAR ANTÁRTICO. NO POLO NORTE NON SAE O SOL.
- A PARTIR DESTE DÍA O SOL COMEZA A “ASCENDER” DE NOVO CARA O ECUADOR ONDE “CHEGARÁ” O 21 DE MARZO (COMEZA DE NOVO O CICLO).



RECORDA QUE NA REALIDADE, É A TERRA
A QUE SE MOVE, NON O SOL.